

Edificio Administrativo de San Caetano, s/n 15781 Santiago de Compostela http://mediorural.xunta.es



REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA

REXISTRO XERAL SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 11/05/2017 09:17:11



Asunto: Solicitude de informe sobre o proxecto de explotación, EIA e plan de restauración da C.E. derivada derivada do permiso de investigación "Xanceda" núm. 7318, da provincia da Coruña

En contestación ao seu escrito de data 23/03/2017 no que se solicita un informe en relación ao "Proxecto de explotación , estudo de impacto ambiental e plan restauración da concesión de explotación derivada do permiso de investigación "Xanceda" núm 7138", emitimos as consideracións oportunas

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2017

Adirectora xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

María do Campo Piñeiro

Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA





INFORME DXGAIA SOBRE O PROXECTO DE EXPLOTACIÓN DA CONCESIÓN A FAVOR DE ERIMSA, DERIVADO DO PERMISO DE INVESTIGACIÓN XANCEDA Nº 7138, NOS CONCELLOS DE FRADES E MESÍA (A CORUÑA).

ANTECEDENTES:

Con data 6 de marzo de 2017, publicase no DOG a Resolución do 13 de febreiro de 2017, da Xefatura Territorial da Coruña, pola que se someten a información pública o proxecto de explotación, o estudo de impacto ambiental e o plan de restauración da solicitude de concesión de explotación derivada do permiso de investigación Xanceda, número 7138, situado nos concellos de Frades e Mesía (A Coruña), promovido pola sociedade Explotación de Rocas Industriales y Minerales, S.A. (ERIMSA).

Visto desde a Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias que non se lle solicitara o preceptivo informe, e postos en contacto coa Sección de Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria, recíbese con data 28 de marzo de 2017 nesta dirección xeral, un oficio asinado con data 23 de marzo de 2017 polo xefe da Sección de Minas da Coruña, no que se solicita un "informe sobre o proxecto de explotación, ElA e plan de restauración da C.E. derivada do permiso de investigación "Xanceda" num. 7138, da procincia da Coruña", para o que dá un prazo de "dous meses".

Para a realización deste informe tense analizado diferente documentación:

- 1) Os informes redactados desde a Subdirección Xeral de Explotacións Agrarias, nos que se pon de manifesto o seguinte:
- Os terreos aos que afectaría a dita actuación do Concello de Frades (no que se atopan aínda vixentes as Normas Subsidiarias de Planeamento da Provincia da Coruña, con data de aprobación 19/09/1990) están clasificados como Solo Rústico de protección ordinaria, Solo Rústico de protección agropecuaria, ou Solo Rústico de protección forestal.
- Os terreos aos que afectaría a dita actuación do Concello de Mesía (no que se atopa vixente o Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado o 26 de decembro de 2012, e publicado no Diario Oficial de Galicia o 1 de outubro de 2014) están clasificados como SNU (Solo Non Urbanizable).





- Segundo o Sistema de Información de Parcelas Agrícolas SIXPAC, a totalidade da superficie do proxecto afecta a superficie agraria útil (SAU), distribuíndose en cultivos (Millo e forraxes) orientados a produción láctea e a outras producións tradicionais (pataca e cereais).
- Nos concellos afectados de Frades e Mesía, dun total de 8.170 ha e 10.770 ha respectivamente, a superficie declarada dentro da PAC 2016 corresponde a un total de 3.531,32 ha e 4.426,14 ha, cifras que dan unha idea clara da dimensión da actividade agraria da zona. As axudas aboadas en concepto de pago único nos dous concellos alcanzou no ano 2016 a cantidade de 5.345.695,52 €.
- Nestes dous concellos están rexistradas no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA) un total de 1.055 explotacións agrarias (497 en Frades e 558 en Mesía), das cales están catalogadas na sección das explotacións agrarias prioritarias 291 (145 Frades e 146 Mesía), sendo os seus titulares agricultores profesionais. As orientacións produtivas destas explotacións agrarias son maioritariamente gandeiras (787 explotacións das 1.055 totais) e no caso das prioritarias practicamente todas as gandeiras dedícanse á produción láctea. O gando vagún, e en especial o de orientación leiteira, é unha das principais fontes de riqueza da zona, cun censo total de máis de 10.000 vacas en Frades e 8.000 en Mesía. O tamaño de explotación media da zona (50 cabezas por explotación) está entre os máis elevados de Galicia.
- En relación coas inversións agrogandeiras auxiliadas na zona de actuación están aprobados, dende o ano 2012 ata o 2017, un total de 76 expedientes en Frades e 50 en Mesía, en axudas para a modernización das explotacións agrarias e para a incorporación de mozos á actividade agraria. Deste total, 24 e 16 respectivamente corresponden á incorporación de mozos, e 43 e 24 a plans de mellora de explotacións agrarias, ademais de 19 plans de mellora da competitividade das explotacións leiteiras. O total das 126 axudas aprobadas neste período foi de 4.889.826,98 €, sendo o investimento total realizado nesas explotacións de 10.017.479,39 €.
- Na zona operan 14 cooperativas agrogandeiras e 4 Agrupacións de Defensa Sanitaria, contribuíndo a Administración Galega cada ano con mais de 3 millóns de euros a todo tipo de actuacións, que abarcan dende a mellora da competitividade e a comercialización ata o aconsellamento aos produtores e a defensa sanitaria.





Como conclusión cabe destacar que o número de explotacións e o peso da actividade agropecuaria da zona, son factores moi determinantes na economía local.

En relación co "Proxecto de Restauración da Concesión de Explotación derivada do permiso de investigación Xanceda Nº 7138", a Subdirección Xeral de Explotacións Agrarias elaborou un segundo informe, de data 5 de abril de 2017, no que se pon de manifesto o seguinte:

No que respecta ao estendido da terra vexetal nas labores de restauración:

O proxecto de restauración estima suficiente o volume (420.442,2 m³ sempre que non existan mermas) de terra vexetal retirada para a posterior restauración da totalidade da superficie (210,21 ha) afectada pola explotación, desestimando a necesidade de recorrer a terra de empréstito. Tamén se di que o obxectivo final da restauración será implantar a mesma cobertura e uso do solo actual que se distribúe en 168,83 ha (inda que no Estudio de Impacto ambiental se indican 159,81 ha) de uso agrario e como cultivo maioritario o prado nun 76% e 41,38 ha de uso forestal. Logo por tanto, para unha axeitada implantación dos usos actuais do terreo, estímase que o volume de terra vexetal inicial será insuficiente, precisándose para unha correcta implantación das especies herbáceas que conformarán a superficie destinada a prado unha espesura de terra entre 0,25 - 0,35cm, o que equivalería no mellor dos casos a 506,490m³; así mesmo para a superficie que terá orientación forestal e precisándose unha profundidade de horizonte A de entre 0,35 - 0,40 cm, no mellor dos casos o volume de terra necesario sería de 144,83 m³, conclúese pois que a cantidade estimada necesaria de terra vexetal sería como mínimo de 651,3 m³, polo que habería que recorrer a terra de préstamo.

No tocante á revexetación (e sen incluír os noiros nin a superficie forestal):

Vista a selección de especies que aparece no proxecto para a implantación da cuberta herbácea, unha mestura de gramíneas e leguminosas nunha proporción que din "orientativa" nunhas proporcións dun 60% e 40% respectivamente, considérase que se debería incrementar a porcentaxe de raigrás dun 20% a un 40% ao ser unha especie de doada implantación e fácil enraizamento no primeiro ano que contribuirá a fixación do terreo e a implantación da cuberta vexetal., pola contra a porcentaxe de dactilo e bromo podería reducirse a un 5% ao tratarse de especies persistentes e facilmente adaptables a solos pobres, que ao cabo dun curto período de tempo desprazará ao raigrás.





No tocante ao abonado:

O proxecto se limita a nomear superficialmente os posibles tipos de abonos a usar, sen definir claramente un plan de fertilización para a superficie a restaurar.

No que respecta á acidez do solo:

No proxecto non se fai referencia algunha a acidez que terá o solo instaurado na restauración, factor que de non emendarse condicionaría a implantación e desenvolvemento das diferentes especies, tanto herbáceas como arbóreas.

E como conclusión, considérase o proxecto de restauración "pouco concreto".

- 2) Os datos de concentración parcelaria da zona afectada:
- No concello de Frades hai un total de 19 zonas de concentración parcelaria, todas rematadas, que suman un total de 7.828 has concentradas, con 4.496 propietarios e 39.836 parcelas das que resultaron, tras o proceso de reestruturación, 7.395 fincas. O investimento total no concello de Frades (a razón de 3.500 €/ha) rolda os 20 millóns de euros.
- No concello de Mesía hai un total de 12 zonas de concentración parcelaria, 11 delas rematadas en unha en fase de acordo. Os procesos de reestruturación da propiedade neste concello permitiron concentrar un total de9.427 has, pertencentes a 4078 propietarios. Pasando das33.797 parcelas iniciais a 6744 fincas unha vez rematado o proceso. O investimento total no concello de Mesía (a razón de 3.500 €/ha) rolda os 20 millóns de euros.
- 3) Desde a Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias tense concedido axudas para o fomento das industrias agroalimentarias, e a apromoción e o fomento da comercialización dos produtos agroalimentarios.

As axudas concedidas nos concellos afectados pola concesión a Favor de ERIMSA foron as seguintes:





- Axudas concedidas no concello de Frades (2007-2016)

Axudas a investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios

Expediente	Beneficiario	Data Concesión	Inv. Subvención	%	Subvención	Pagado	Situación
C,27,PDR,2013	CENTRAL DE FRADES S.C.G.	02/08/2013	24.873,89	45,00	11.193,25	11.148,25	Pagado
C,09,PDR,2014	CENTRAL DE FRADES S.C.G.	23/07/2014	79.378,50	50,00	39.689,25	26.190,68	Pagado
C,32,PDR,2015	CENTRAL DE FRADES S.C.G.	17/07/2015	111.680,70	50,00	55.840,35	55.840,35	Pagado
C,04,PDR,2016	CENTRAL DE FRADES S.C.G.	04/07/2016	129.613,06	35,00	45.364,57	45.364,57	Pagado
Total 4			345.546,15		152.087,42	138.543,85	

- Axudas concedidas no concello de Mesía (2007-2016)

Axudas a investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios

Expediente	Beneficiario	Data Concesión	Inv. Subvención	%	Subvención	Pagado	Situación
C,11,PDR,2009	CASA GRANDE DE XANCEDA, S.A.T.	15/09/2009	11.543,78	50,00	5.771,89	5.771,89	Pagado
C,62,PDR,2010	CASA GRANDE DE XANCEDA, S.A.T.	10/12/2010	186.199,90	35,00	65.169,97	57.747,96	Pagado _
C,69,PDR,2010	COMERCIAL DE QUESEROS ARZUANOS S.C.G.	10/12/2010	131.123,00	25,00	32.780,75	0,00	Renuncia
C,36,PDR,2012	CASA GRANDE DE XANCEDA, S.A.T.	01/08/2012	337.722,73	45,00	151.975,23	141.248,25	Pagado
C,31,PDR,2013	CASA GRANDE DE XANCEDA, S.A.T.	02/08/2013	41.539,75	45,00	18.692,89	12.562,99	Pagado
C,40,PDR,2013	COMERCIAL DE QUESEROS ARZUANOS S.C.G.	02/08/2013	87.874,05	45,00	39.543,32	39.543,32	Pagado
C,46,PDR,2015	CASA GRANDE DE XANCEDA, S.A.T.	17/07/2015	386.816,91	50,00	193.408,46	191.778,89	Pagado
Total 7			1.182.820,12		507.342,51	448.653,30	

Axudas a empresas para a promoción e mellora da comercialización de produtos agrarios

Expediente	Beneficiario	Data Concesión	Inv. Subvención	%	Subvención	Pagado	Situación
C,12,13C,2007	CASA GRANDE DE XANCEDA, S.A.T.	04/10/2007	6.781,02	60,00	4.068,61	4.068,61	Pagado
C,15,13C,2008	CASA GRANDE DE XANCEDA, S.A.T.	18/08/2008	26.738,00	60,00	16.042,80	0,00	Renuncia
C,06,13C,2009	CASA GRANDE DE XANCEDA, S.A.T.	04/09/2009	49.208,28	60,00	29.524,97	8.295,77	Pagado
C,12,13C,2010	AGRO DAS SEBOLAS S.L.	18/08/2010	8.000,00	40,00	3.200,00	3.200,00	Pagado
C,14,13C,2010	CASA GRANDE DE XANCEDA, S.A.T.	18/08/2010	7.472,86	40,00	2.989,14	1.936,36	Pagado
C,33,13C,2010	COMERCIAL DE QUESEROS ARZUANOS S.C.G.	18/08/2010	48.750,00	20,00	9.750,00	3.704,00	Pagado
Total 6			146.950,16		65.575,52	21.204,74	





4) O informe de afectación sobre as parcelas certificadas en ecolóxico, emitido polo Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica (CRAEGA) o 30 de marzo de 2017.

Neste informe sinálase que "a labor a levar a cabo durante o proceso produtivo de explotación mineira... non se adecúa ás actuacións e manexos permitidos pola actual normativa de produción ecolóxica", sinalando que non sería conforme co establecido nos artigos 3, 5 e 12 do Regulamento (CE) 834/2007 do Consello, de 28 de xuño de 2007, sobre produción e etiquetado dos produtos ecolóxicos, polo que as parcelas afectadas que formasen parte da base territorial dunha explotación gandeira, durante o período de ocupación:

- Non se contabilizaría como base territorial da explotación co obxectivo do cálculo da súa carga gandeira, en relación co número máximo de animais por hectárea a que se refire o artigo 15.2 do Regulamento (CE) 889/2008 da Comisión, de 5 de setembro de 2008, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 834/2007, con respecto á produción ecolóxica, o seu etiquetado e o seu control.
- Non se contabilizaría como base territorial da explotación para o cumprimento da esixencia, no caso de animais herbívoros, de que a lo menos o 60% dos alimentos deberían proceder da propia explotación ou doutras explotacións ecolóxicas da zona, segundo o requirido no artigo 19.1 do Regulamento (CE) 889/2008.

E tamén sinala que, durante o período que durase a labor de ocupación mineira das parcelas afectadas, estas perderían a súa condición de inscritas en Agricultura Ecolóxica, visto que nin se vai realizar un manexo acorde coa normativa de produción ecolóxica, nin van estar xestionadas por un operador inscrito no CRAEGA, de xeito que:

- Habería que solicitar a baixa das parcelas mentres dure a labor de ocupación,
- Unha vez remate esta, debería solicitarse de novo a súa inscrición no CRAEGA, e
- Dende ese momento, terían que pasar unha reconversión de dous anos antes de que a produción obtida nas mesmas conte coa Certificación de Produción Ecolóxica, conforme ao establecido no artigo 36 do Regulamento (CE) 889/2008.





CONCLUSIÓN:

Visto todo o sinalado na documentación referida, esta Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias non pode por mais que pronunciarse en contra do proxecto sinalado, ao considerar que os importantes efectos negativos que se causarían sobre a produción agrogandeira da zona, afectarían grandemente aos concellos de Mesía e Frades, por ser esta un piar fundamental da súa actividade económica, social e cultural, manténdose a dita afectación negativa no tempo tralo remate das actuacións.

É por elo que desde a Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias rexeitamos o proxecto con rotundidade, e recomendamos que non se permita a realización dos traballos referidos.

Santiago de Compostela, 1 de maio de 2017

directora xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

RÍA Belen María Do Campo Piñeiro